

# VI XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALIZA

21 e 22 de ABRIL de 2006

I.E.S. LAGOA DE ANTELA (XINZO DE LIMIA)

Estimad@s compañeir@s:

Un ano máis a ASOCIACIÓN DO PROFESORADO DE TECNOLOXÍA DE GALIZA (APETEGA) ten o pracer de comunicarvos a celebración das VI XORNADAS DE TECNOLOXÍA no IES LAGOA DE ANTELA (Xinzo de Limia).

Primeiramente déixanos recordarche cal é a razón básica que move ás Xornadas: a creación dun espazo de reunión do profesorado de Tecnoloxía, aberto a todo tipo de experiencias didácticas, dende o intercambio de ideas e de material de aula, ata a creación de grupos de traballo, análise e debate da situación da Tecnoloxía en Galiza e en España, etc. Noutras palabras, explotar ó máximo esa regra que se cumpre tantas veces na docencia e que di que non hai cousa máis produtiva para un docente que intercambiar ideas, ou tan so falar, con outro docente sobre a súa área.

Por suposto tamén está o aspecto lúdico, algo ó que nos gusta darlle especial relevancia nas nosas xornadas a través de diversos actos.

Coma tódalas edicións anteriores, as xornadas seguirán a ter a seguinte estrutura básica:

1. *Obradoiros prácticos*, impartidos por profesorado de Tecnoloxía en activo e cos que se pretende iniciar ou ampliar o traballo na aula nalgún aspecto do amplísimo currículo da nosa área. Nunha área coma a nosa de contidos eminentemente prácticos esta é a razón principal da existencia das xornadas.
2. *Exposición de proxectos e comunicacións educativas*, coa que amosar algúns dos traballos ou experiencias que realizamos na nosa práctica docente e cos que tomar ideas e mellorar a nosa metodoloxía de traballo. Esta é unha parte das Xornadas ás que queremos darlle un maior pulo, por esta razón animámosvos a que participedes, xa sexa simplemente levando un par de proxectos ou maquetas, tanto feitos por vós como polos vosos alumnos, como escribindo unha comunicación ou artigo relacionada con calquera aspecto da área de Tecnoloxía. No momento da apertura e durante todas as Xornadas recolleremos os proxectos para incluílos na exposición, que estará aberta ao público durante o transcurso das mesmas.

Para participar como poñente dun obradoiro ou comunicación, pregámosvos que previamente, a ser posible antes do 1 de abril, enviades á dirección [xornadas@apetega.org](mailto:xornadas@apetega.org) os seguintes datos:

- Título da comunicación ou descrición do material exposto.
- Datos de contacto: nome e apelidos, teléfono, dirección postal ou de correo electrónico.
- Descrición do material que presenta: proxectos, póster, vídeo, web, etc.
- Resumo da comunicación ou material diverso para publicar na revista ou no CD.
- No caso de aportar proxectos de aula para a exposición, estes poden ir acompañados dunha breve información (centro, nivel do alumnado, descrición, etc.).
- Tamén indicade o material que necesidades para a vosa comunicación ou obradoiro (canón de vídeo, ordenador, retroproyector, etc.).

O desexo de APETEGA é que todo o traballo que se vaia realizando (resumes, fotos, vídeos,...) poda plasmarse algún día nunha revista (en papel ou en CD) que sexa útil como material de consulta, e ademais que sirva como espazo de publicación para o profesorado da área. Namentres non se reúna o material suficiente poñerase o material na web.

Nesta edición imos contar cunha novidade no programa: a ampliación da duración das xornadas ó venres pola mañá para que poidamos realizar unha visita didáctica. Por razóns de proximidade e de ser de especial interese para a área acordouse que dita visita fose ó concello de Allariz, onde visitaremos a central de

biomasa e faremos un pequeno percorrido polo pobo. Cómpre dicir que dita visita non está incluída dentro do horario oficial das Xornadas por parte da Consellería, polo que aquelas persoas interesadas deberán solicitar autorización por parte da inspección de cada centro (ou solicitalas como horas de asuntos propios).

APETEGA entregará un diploma acreditativo (homologado pola Consellería de Educación) por un total de 15 horas ás persoas que asistan ás xornadas.

Noutra orde de cousas, aproveitamos tamén para recordaros a difícil situación á que se enfrenta a área na presente época de reforma educativa. Non fai falla explicar agora, e menos a un docente de Tecnoloxía, que se a nosa realidade profesional é moi complexa (extensión do currículo, falta de medios para a formación práctica, inestabilidade nos contidos a impartir e na asignación horaria debido ós diferentes trocos de goberno, etc.) pero si cómpre recordar que esta é unha época crucial para a definición da nosa área, da súa importancia para a formación integral dunha persoa do século XXI e do noso futuro como docentes. Do que finalmente academos mellorar seremos responsables en gran parte só nós. Por esta razón en APETEGA temos claro que se o profesorado de Tecnoloxía non loitamos pola nosa área, ningún partido ou sindicato o vai facer por nós (ás veces por descoñecemento e ás veces por claro e manifesto desinterese cara á educación tecnolóxica). Que podemos facer? Dende logo ser activos, participar nos debates, mobilizacións e outras actividades de protesta que tanto a nivel estatal a Plataforma de Asociacións de Profesores de Tecnoloxía ([www.sialatecnologia.org](http://www.sialatecnologia.org)), como a nivel galego APETEGA ([www.apetega.org](http://www.apetega.org)) organizan. Deste vital asunto e doutros relacionados informarase na mesa informativa que se fará nas Xornadas e na asemblea que terá lugar ó final das mesmas.

Tamén aproveitamos para informaros dunha iniciativa que se puxo en marcha este curso e coa que se pretende mellorar a información de cara ós socios e ó profesorado de Tecnoloxía en xeral: a creación dunha páxina web aloxada nun servidor propio: [www.apetega.org](http://www.apetega.org). Nela poderedes atopar información sobre a asociación, as Xornadas, ligazóns de interese, lexislación, etc. Destacar dous apartados dela cos que formular cantas dúbidas, suxestións ou queixas teñades:

- O apartado *foro*, co que manter un intercambio de ideas de xeito rápido e coa comodidade de facerse mediante o navegador web (previamente hai que rexistrarse se se quere engadir unha resposta ou iniciar un tema de conversación)
- O apartado *rolda de correo*, cunha función semellante ó anterior pero mediante o emprego de correos electrónicos (previamente hai que subscribirse inserindo a dirección de correo electrónico propia). Cada vez que unha persoa envíe un correo á dirección da rolda ([apetega@eListas.net](mailto:apetega@eListas.net)) recibirano á vez todas as persoas subscritas.

Asemade, non dubidedes en empregar o correo electrónico para calquera asunto sobre as Xornadas ([xornadas@apetega.org](mailto:xornadas@apetega.org)) ou sobre APETEGA ([contacto@apetega.org](mailto:contacto@apetega.org)).

Por último, informaros sobre a renovación da directiva da asociación, con motivo do principio básico da asociación de renovar cada dous anos cando menos dous postos directivos, quedando constituída actualmente coa composición que aparece máis abaixo.

Saúdos, a animádevos a participar.

## **POR UN ENSINO PÚBLICO E DE CALIDADE!**

### **COORDENADOR DAS XORNADAS:**

- *Daniel Rodríguez — IES Illa de San Simón (Redondela)*

### **DIRECTIVA APETEGA:**

- *Avelino Amigo Romero - IES de Fene*
- *Obdulia García Nimo*
- *Gumersindo Monteagudo Domínguez – IES A Basella (Vilanova de Arousa)*
- *Carlota Paz Costoya - CPI Pecalama (Tordoia)*